

Plan de Actividades 2018

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN QUE SE ESTÁ A DESENVOLVER NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases de datos referenciais, libros e revistas electrónicas e portais e servizos de información.
- Estudos de avaliación da colección de recursos electrónicos.
- Proxecto de colaboración con varios Centros de Investigación da Xunta de Galicia para o acceso a recursos de información científica, onde BUGalicia participaría como xestor de compras e como administrador e xestor de incidencias.
- Iniciar o estudo dunha posible subscrición como membro institucional consorciado á iniciativa ORCID e a funcionalidade das súas APIs.

SERVIZOS DE APOIO ÁS TIC NAS BIBLIOTECAS

- Soporte técnico ao acceso aos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio.
- Actualización dos recursos contratados nas diferentes plataformas e sistemas de información (cambios de plataformas, novidades, etc.)
- Administración de SFX: Seguimento dos cambios da ferramenta, configuración e adaptación para o seu aproveitamento. Interlocución cos provedores Greendata e Ex Libris. Preparación e extracción de estatísticas. Revisión dos listados das licenzas consorciadas e carga no xestor de enlaces SFX. Resolución de incidencias comúns ou individuais de cada membro do Consorcio.
- Administración de ERM: Mantemento, administración e desenvolvemento de novas funcionalidades da ferramenta de xestión das coleccións e contorno web de consulta para os membros do CBUG: listaxes de títulos consorciados, listaxes *Counter* e datos estatísticos e información relevante dos recursos consorciados.

- Administración de SubjectPlus: Mantemento, administración e implantación de novas funcionalidades de SubjectPlus, como interface de promoción de recursos electrónicos e guías de usuario.
- Soporte na implantación de “*Guide on the Side*”, ferramenta en liña que axuda a crear tutoriais interactivos.
- Vixilancia tecnolóxica do mercado das ferramentas e servizos bibliotecarios de última xeración.
- Creación dun grupo de traballo, coordinado por BUGalicia, para realizar un estudo dos Sistemas de Xestión de Bibliotecas.
- Migración da plataforma da Web de servizos de BUGalicia.

ACCÍONS FORMATIVAS PARA LA FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS

- Organización e financiamento de cursos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias.
- Coordinación dun grupo de traballo coas universidades para planificar unha proposta formativa sobre RDA (Resource Description and Access).

COLABORACÍONS NOUTRAS INICIATIVAS BIBLIOTECARIAS

- No ámbito galego:
 - Colaboración cos Centros de Investigación da Xunta de Galicia.
- A nivel nacional:
 - Colaboración con Expania, Asociación de usuarios de Ex Libris en España.
 - Colaboración cos consorcios de bibliotecas universitarias, grupos de compra, CSIC e REBIUN de toda España participando entre outros en procesos de definición e negociación de licenzas a nivel nacional.